



Organizadores e representantes das institucións colaboradoras presentaron onte o programa | ANA GARCÍA

Xabier P. Docampo, premio nacional de literatura, será homenaxeado en O Couto

Monte Branco fará este ano un percorrido polas letras galegas dende Pondal ata Novoneyra

CARBALLO/LA VOZ. A Festa das Letras de O Couto cumpre 28 anos. Ao longo deste tempo, a asociación cultural Monte Branco foille cambiando o formato, engadíndolle días ao programa e mellorando o contido, e todo iso mentres ía construíndo a Casa dos Veciños e enchendo a fachada de nomes vinculados á historia de Galicia e ás súas letras.

Nesta edición, presentada onte pola noite con toda a solemnidade que require unha das principais citas coa cultura na Costa da Morte, a entidade organizadora propón, entre outras moi-

tas cousas, un percorrido pola literatura galega dende Eduardo Pondal, un referente constante nas Festiletras, ata Uxío Novoneyra, o autor homenaxeado no 17 de maio deste 2010.

A ruta bifúrcase para ofrecer, por unha banda, as xornadas de formación, que se desenvolverán nas tardes do 18 ao 22 no salón de actos da Fundación Eduardo Pondal, e que contarán coa participación de autores como Xoán Babarro, Ana María Fernández, Francisco X. Fernández Naval, Eva Veiga, Concha Blanco, María Canosa, Xabier P. Docampo

e Xoán Xosé Cabanas Cao. A outra parte do camiño conduce ata a lareira da Casa do Cura, pola que pasarán Mini e Mero, Xurxo Souto ou os copleiros da comarca de Bergantiños.

Pero o verdadeiro protagonista das Festiletras de O Couto será Xabier P. Docampo, premio nacional de literatura infantil e xuvenil no ano 1995, que mantendrá encontros cos escolares, peitará na porta da Casa do Cura con *Sucedidos e contos de medo* e será agasallado cunha comida e cunha sobremesa poético-musical.